

# Día a día con diabetes

Ciclos: 2º e 3º

Tema: No colexio

1/2

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

O teu compañeiro pode e debe facer no colexio o mesmo ca ti.


**Ter diabetes non é un impedimento.**

É posible que observases que, ás veces, utiliza uns aparatos estraños. Por exemplo, cando vai comer algo (no recreo ou no comedor), debe medir a glicosa que ten e despois, aínda que non sempre, inxectarse insulina.

Para medir a glicosa utiliza un aparato coma este.



Para inxectarse insulina utilizará unha especie de bolígrafo que ten esta forma.



En ocasións debe comer algo, aínda que estea na metade dunha clase. Iso é porque sente que ten pouca glicosa no sangue e necesita repoñela. O profesor dálle permiso porque sabe que é importante para a súa saúde.

Tamén pode que a el lle deixen saír ao baño e a ti non. Non creas que é porque é o preferido do profesor, o que acontece é que, cando se ten demasiada glicosa no sangue, entran moitas ganas de mexar.

En xeral, isto é o único especial que debe facer no colexio por ter diabetes.

# Día a día con diabetes

Ciclos: 2º e 3º

Tema: No colexio

2/2

PROFESOR

ALUMNOS



[www.fundaciondiabetes.org](http://www.fundaciondiabetes.org)

## Observa este cadro

	Medir a glicosa	Comer algo extra	Inxectarse insulina
Recreo	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Clase de educación física	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
No comedor	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Cando sinta que ten pouca glicosa	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>